



PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE TRES PRAZAS EN RÉXIME LABORAL POR QUENDA LIBRE, UNHA DELAS RESERVADA PARA DISCAPACITADOS, DE OFICIAL DE MANTEMENTO DA OFERTA DE EMPREGO PUBLICO DE 2017-2018-2019- 3ª FASE.

ANUNCIO:

RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN E CONVOCATORIA SEGUNDO EXERCICIO DE CARÁCTER PRÁCTICO

I) Reunido o órgano de selección en data 30/10/2023, acordouse o seguinte:

RECLAMACIÓN:

1) Reclamación formulada en data 13/10/2023 por Calles Alonso, Brais, con Doc. N° 230325114:

O Sr. Calles achega informe médico, asinado pola colexiada nº 2922, acreditando a existencia dunha situación de incapacidade temporal por lesión e cirurxía no seu xeonlllo o que supón, segundo manifesta, un condicionante que impide o normal uso para o apoio da súa perna esquerda. Solicita ao tribunal que se teña en conta a súa situación persoal no desenvolvemento do segundo exercicio de carácter práctico. O tribunal, por unanimidade, considera que non pode condicionar o funcionamento normal dos servizos públicos e os intereses xerais, tal é o desenvolvemento deste proceso selectivo onde trata de seleccionar aos tres mellores aspirantes, ás circunstancias persoais do Sr. Calles, polo que non se pode ter unha consideración especial con este aspirante, que debe reunir, como tódolos demás aspirantes, a capacidade necesaria no momento de realización das probas. Deste xeito, o tipo de proba práctica que acorde establecer o órgano de selección será a que se considere mais acorde coas funcións da praza que estase a prover. Por estes motivos desestímase esta alegación.

2) Reclamación presentada en data 16/10/2023 por Calles Alonso, Brais, con Doc. N° 230326580:

O Sr. Calles impugna mediante neste documento as preguntas nº 1 e nº 22.

Pregunta nº 1: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 1 por canto considera que a opción de resposta correcta é a opción B, “*xuntas impermeables*”, xa que estas cumpren dúas funcións: evitar a filtración de auga polo chan e impedir que a humidade salga polos muros debido ás forzas capilares. Non así as barreiras capilares, que cumpren a función de impedir que a humidade salga polos muros debido ás forzas capilares pero non evitan a filtración de auga polo chan.

Pregunta nº 22: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 22 por canto áinda que nun primeiro momento dera como correcta a opción de resposta D, “*a partir de 2 m*”, non obstante, consultados manuais especializados varios, tales como “*Guía técnica de la piedra natural. Requisitos y control de recepción. Asociación empresarial de investigación centro tecnológico del mármol, piedra y materiales*” e o “*Código Técnico de la Edificación (CTE)*”, considera que poden ser correctas as opcións de resposta B e D. Por este motivo, por existir dúas opcións de respuestas correctas, anúlase a pregunta nº 22, substituíndose pola pregunta de reserva nº 31. No caso de existir dúas respuestas correctas debe anularse a pregunta segundo Xurisprudencia consolidada, por todas Sentencia nº 59/2020, de 17 de abril do Xdo. Contencioso/Admtvo n. 2 de Vigo.

3) Reclamación presentada en data 13/10/2023 por Comesaña Fernández, Isabel con Doc. N° 230324939:

A Sra. Comesaña impugna as preguntas nº 1, 4, 11, 14, 20, 22, 34 e 38.

Pregunta nº 1: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 1 polos mesmos motivos que teñen sido expostos no análise da alegación do aspirante Calles Alonso, Brais.

Pregunta nº 4: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 4 por canto considera que a opción de resposta correcta é a opción B, “*leva o vástago de aceiro recuberto dunha funda de plástico*”, por canto tódalas chaves de parafusos de electricistas están recubertas dunha funda plástica por razóns de seguridade na procura do illamento e maila protección das persoas fronte a contactos eléctricos. Existe unha ferramenta que conta cunha luz



Copia do documento - Concello de Vigo 41450-220	Data impresión: 13/11/2023 12:48 CSV: A2A13E-4C824E-EE58D9-P1WK85-AKX8LR-FD	Páxina 1 de 6
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de neon que se chama buscapolos cuxa finalidade é comprobar a existencia de tensión nun punto do circuito eléctrico pero tense que destacar que dita luz de neon non é a característica principal dunha chave de parafuso de electricista.

Pregunta nº 11: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 11 por canto considera que a opción de resposta correcta é a opción B, “*brocha redonda e grosa*”, xa que para pintar os recortes do teito necesitase unha brocha, non se chega a eles pintando o teito soamente cun rodete.

Pregunta nº 14: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 14 por canto a resposta correcta debe ser a opción B, “*aglomerado de chapado*”, non a opción A, posto que non existe aglomerado de contrachapado senón aglomerado aplacado con laminado. Polo que mantense a pregunta nº 14 pero a resposta correcta pasa a ser a opción B, anteriormente era a opción A.

Pregunta nº 20: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 20 por canto a resposta correcta é a opción D “*calquera tipo de serra*”. A opción A “*cortatubos*” non é correcta xa que non valería calquera tipo de cortatubos para cortar PVC senón un necesitaríase un cortatubos especial para PVC, e o mesmo acontecería coa tesoura, necesitaríase unha tesoura especial para cortar PVC.

Pregunta nº 22: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 22 polos mesmos motivos expostos na resolución da alegación do Sr. Calles Alonso.

Pregunta nº 34: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 34 por canto, áinda que nun primeiro momento dera como correcta a opción B, “*abocardador*”, vista a alegación, considera correctas as opcións de resposta A, B e C. Abocinador ou abocardador é unha ferramenta manual ou eléctrica que se emprega para producir una deformación troncónica na boca dos tubos. Asemade, o mandril é unha ferramenta utilizada en fontanería para agrandar buracos en pezas de metal ou agrandar o diámetro interno dos tubos de chumbo para embutir outro a fin de ser soldados. Por tanto as opcións de resposta A, B e C son válidas polo que queda anulada a pregunta nº 34.

Pregunta nº 38: O tribunal estima a alegación con respecto á pregunta nº 38 por canto áinda que nun primeiro momento dera como correcta a opción C, “*uno para ambos senos*”, vista a alegación presentada, poderían ser correctas as opcións de resposta A, B e C. O tribunal considera que débese ter en conta, por exemplo, que nun cuarto de baño o bote sifónico atópase no chan pois existe mais dun aparato no habitáculo (bidé, prato de ducha, bañera, lava mans...), entón xa non sería necesario instalar un sifón na pila de dous senos posto que o bote sifónico atópase no chan. Por tanto, as opcións de resposta A, B e C son válidas polo que queda anulada a pregunta nº 38.

4) Reclamación presentada en data 13/10/2023 por Ballesteros Vázquez, Oscar con Doc. Nº 230325078:

Pregunta nº 16: O Sr. Ballesteros impugna a pregunta nº 16, solicitando a súa anulación, por canto considera que tanto as opcións de respuestas B e C son correctas. O tribunal dera por correcta a opción C, “*pernios*”, non obstante, por unanimidade, tendo en conta o disposto no dicionario da RAE onde as verbas gozne e pernio son sinónimas, polo que as opcións de respuesta B e C serían correctas, acórdase estimala reclamación anulando pregunta 16 e substituíla pola nº 32 das de reserva.

II) Reunido o órgano de selección en data 06/11/2023, acordouse o seguinte:

RECLAMACIÓNS:

1) Reclamación presentada en data 13/10/2023 por González Cortegoso, Victor, con Doc. Nº 230325235:

O aspirante impugna as preguntas nº 11, 14 e 21.

Pregunta nº 11: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 11 polos mesmos motivos xa expostos que na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

Pregunta nº 14: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 14 polos mesmos motivos xa expostos que na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

Pregunta nº 21: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 21 por canto a resposta correcta non é a opción B, “*12 horas*”, xa que consultados manuais varios tales como “*Manual para la colocación y rejuntado de cerámica. Grupo Puma*”, “*Manual de instrucciones para la colocación de azulejos cerámicos*” e a “*Guía de la baldosa cerámica. Asociación española de fabricantes de azulejos, pavimentos y baldosas cerámicas*”, dependendo do tipo e marca do produto empregado o tempo de secado varía moito, polo que todas as opcións poden ser correctas. Por este motivo, anúllase a pregunta nº 21, substituíndose pola pregunta de reserva nº 33.

2) Reclamación presentada en data 14/10/2023 por Ballesteros Vázquez, Oscar con Doc. Nº 230325273:

O aspirante impugna a pregunta nº 20.



Copia do documento - Concello de Vigo 41450-220	Data impresión: 13/11/2023 12:48 CSV: A2A13E-4C824E-EE58D9-P1WK85-AKX8LR-FD	Página 2 de 6
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Pregunta nº 20: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 20 polos mesmos motivos xa expostos que na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

3) Reclamación presentada en data 16/10/2023 por Rodríguez Fernández, Gonzalo con Doc. Nº 230325812:
O aspirante impugna as preguntas nº 1, 3, 11, 22 e 34.

Pregunta nº 1: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 1 polos mesmos motivos que teñen sido expostos no análise da alegación do aspirante Calles Alonso, Brais.

Pregunta nº 3: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 3 por canto a resposta correcta é a opción A, "IAD". O IAD, interruptor automático diferencial, é o dispositivo específico que desconecta a instalación no caso de producirse unha derivación. O ICP, interruptor de control de potencia, salta no caso de terse consumido enerxía dabondo ao mesmo tempo. O PIA é un pequeno interruptor de potencia.

Pregunta nº 11: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 11 polos mesmos motivos xa expostos que na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

Pregunta nº 22: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 22 polos mesmos motivos xa expostos na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

Pregunta nº 34: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 34 polos mesmos motivos xa expostos na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

4) Reclamación presentada en data 16/10/2023 por Molina Jiménez, Rafael:

Con Doc. Nº 230325933: Impugna a pregunta nº 21. O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 21 polos mesmos motivos expostos que na resolución da reclamación do Sr. González Cortegoso.

Con Doc. Nº 230325989: Impugna a pregunta nº 1. O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 1 polos mesmos motivos expostos que na resolución da reclamación do Sr. Calles Alonso.

Con Doc. Nº 230326001: Impugna novamente a pregunta a pregunta nº 1. Desestímase.

Con Doc. Nº 230326123: Impugna a pregunta nº 11. O tribunal desestima a alegación polos mesmos motivos expostos na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

Con Doc. Nº 230326226: Impugna a pregunta nº 8. O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 8 por canto considera que a opción de resposta correcta é a opción C, "*reducirá o brillo*", xa que o exceso de disolvente nun esmalte brillante matiza o acabado facendo mais transparente e menos denso, incluso pode chegar a velala pintura.

Con Doc. Nº 230326350: Impugna a pregunta nº 14. O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 14 polos mesmos motivos xa expostos na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

Con Doc. Nº 230326381: Impugna a pregunta nº 16. O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 16 polos mesmos motivos expostos na resolución da reclamación do Sr. Ballesteros Vázquez.

5) Reclamación presentada en data 16/10/2023 por Carnero Campos, Oscar, con Doc. Nº 230326680:

O aspirante impugna as preguntas nº 14, 20 e 30.

Pregunta nº 14: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 14 polos mesmos motivos expostos na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

Pregunta nº 20: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 20 polos mesmos motivos expostos na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

Pregunta nº 30: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 30 por canto a resposta correcta é a opción A, "*De comporta*". Ambas chaves, a de comporta e a de escuadra, en posición de pechado pechan o paso da auga hermeticamente pero só a de comporta en posición de aberta deixa pasar o auga de xeito total, respectando o diámetro nominal do tubo por onde circula o auga.

6) Reclamación presentada en data 16/10/2023 por García Recamán Antonio, con Doc. Nº 230326696:

O aspirante impugna as preguntas nº 16, 24 e 33.

Pregunta nº 16: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 16 polos mesmos motivos expostos na resolución da reclamación do Sr. Ballesteros Vázquez.

Pregunta nº 24: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 24 por canto se ben o Sr. García solicita impugnar a pregunta nº 24, toda a fundamentación do seu escrito refirese á pregunta nº 21.

Pregunta nº 33: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 33 por canto a resposta correcta é a opción B, "*Diminúe a súa dureza*", posto que a dureza do aceiro neste tipo de proceso va diminuíndo paulatinamente. Pódese consultala seguinte bibliografía: "*Manual de los principios de la metalúrgica mecánica*", autor George E.Dieter, ISBN 978-1502528636 e "*Ciencia e ingeniería de materiales*" de William D. Callister.

7) Reclamación presentada en data 16/10/2023 por Sánchez Figueroa, Javier con Doc. Nº 230326154:

O aspirante impugna a pregunta nº 21.

Copia do documento - Concello de Vigo 41450-220	Data impresión: 13/11/2023 12:48 CSV: A2A13E-4C824E-EE58D9-P1WK85-AKX8LR-FD	Páxina 3 de 6
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Pregunta nº 21: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 21 polos mesmos motivos expostos na resolución da reclamación do Sr. González Cortegoso.

8) Reclamación presentada en data 17/10/2023 por Troncoso Iglesias, Felipe con Doc. Nº 230326900:

O aspirante impugna as preguntas nº 1, 7, 11, 14, 21, 34 e 38.

Pregunta nº 1: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 1 polos mesmos motivos xa expostos na resolución da reclamación do Sr. Calles Alonso.

Pregunta nº 7: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 7 por canto a resposta correcta é a opción B, “craquelado”. O craquelado é unha técnica para darlle aspecto agrietado ao que queiramos pintar na que débese aplicar unha primeira capa de pintura á tiza de ton escuro e unha segunda capa da cor final. A segunda capa de pintura á tiza deberá estar espesa e para elo hai que introducila unhas horas antes na neveira e utilizar unha brocha para estendela sobre un moble ou obxecto. Unha vez seca a pintura, aplícase calor cun secador ou cunha pistola de calor para que se formen as gretas do craquelado. Polo que cabe afirmar que a técnica do craquelado existe.

Pregunta nº 11: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 11 polos mesmos motivos expostos na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

Pregunta nº 14: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 14 polos mesmos motivos expostos na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

Pregunta nº 21: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 21 polos mesmos motivos xa expostos na resolución da reclamación do Sr. González Cortegoso.

Pregunta nº 34: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 34 polos mesmos motivos expostos na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

Pregunta nº 38: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 38 polos mesmos motivos expostos na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

III) Reunido o órgano de selección en data 08/11/2023, acordouse o seguinte:

PRIMEIRO.- RECLAMACIÓN

1) Alegación presentada en data 17/10/2023 por Bastos Cabaleiro, Felipe con Doc. Nº 230327089:

O aspirante impugna as preguntas nº 1, 3, 11, 14, 20, 21, 28, 30, 34, 35, 38 e 39.

Pregunta nº 1: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 1 polos mesmos motivos expostos na resolución da reclamación da Sr. Calles Alonso.

Pregunta nº 3: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 3 polos mesmos motivos expostos na resolución da reclamación da Sr. Rodríguez Fernández.

Pregunta nº 11: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 11 polos mesmos motivos expostos na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

Pregunta nº 14: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 14 polos mesmos motivos expostos na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

Pregunta nº 20: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 20 polos mesmos motivos xa expostos na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

Pregunta nº 21: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 21 polos mesmos motivos xa expostos na resolución da reclamación da Sr. González Cortegoso.

Pregunta nº 28: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 28 por canto considera que a opción de resposta correcta é a opción B, “válvula de flotador”, xa que a válvula de charnela ten a función de descargala cisterna, non a de impedir que siga entrando auga cando a cisterna ou depósito atópase chea.

Pregunta nº 30: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 30 polos mesmos motivos xa expostos na resolución da reclamación da Sr. Carnero Campos.

Pregunta nº 34: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 34 polos mesmos motivos xa expostos na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

Pregunta nº 35: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 35 por canto a resposta correcta non é soamente a opción C, “lámpara de soldar”, xa que consultados manuais varios, poden ser correctas as opcións A, B e C. Por este motivo, anúllase a pregunta nº 35 das de reserva.

Pregunta nº 38: O tribunal estima a alegación con respecto a esta pregunta nº 38 polos mesmos motivos xa expostos na resolución da reclamación da Sra. Comesaña Fernández.

Pregunta nº 39: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 39 por canto considera que a resposta correcta é a opción B, “de medio punto”. Sendo certo que ambas, a de medio punto e o grip de cadea,



Copia do documento - Concello de Vigo 41450-220	Data impresión: 13/11/2023 12:48 CSV: A2A13E-4C824E-EE58D9-P1WK85-AKX8LR-FD	Página 4 de 6
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

teñen un pivote, soamente a de medio punto introducíese no chaveteiro ou ranura dalgúnhas porcas especiais para afrouxalas ou apertalas.

2) Alegacións presentada en datas 17/10/2023 e 18/10/2023 por Costas Vázquez, Andrea con Doc. N° 230327681 e 230327682:

Doc. N° 230327681: Impugna a pregunta 1: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 1 polos mesmos motivos xa expostos na resolución da reclamación do Sr. Calles Alonso.

Doc nº 230327682: Impugna a pregunta 10: O tribunal desestima a alegación con respecto a esta pregunta nº 10 xa que a resposta correcta é a opción C segundo establece o artigo 8.2 do Decreto de Galicia 172/2022, de 6 de outubro, polo que se aproba o catálogo de actividades que deben adoptar medidas de auto protección e polo que se fixa o contido dessas medidas.

SEGUNDO.- O órgano de selección aproba os seguintes cambios na plantilla de corrección do exercicio test:

- Pregunta 14: A resposta correcta é a opción B. Antes era a opción A.
- Pregunta 16: Queda anulada e substitúese pola pregunta 32 das de reserva.
- Pregunta 21: Queda anulada e substitúese pola pregunta 33 das de reserva.
- Pregunta 22: Queda anulada e substitúese pola pregunta 31 das de reserva.

TERCEIRO.- Resoltas as reclamacións presentadas e, unha vez modificada a plantilla de corrección, os resultados definitivos do exercicio test son os seguintes:

ID	Ben	Mal	NC	Nota
30207	20	8	2	5.33
30485	29	0	1	9.67
30552	24	5	1	7.17
30629	16	9	5	Non apto/a
30696	13	14	3	Non apto/a
30707	20	2	8	6.33
30763	24	1	5	7.83
30830	15	12	3	Non apto/a
30907	16	10	4	Non apto/a
31263	19	11	0	Non apto/a
31330	16	12	2	Non apto/a
31463	17	6	7	Non apto/a
31474	24	3	3	7.50
31530	22	8	0	6.00
31674	18	9	3	Non apto/a
31741	19	6	5	5.33
31818	25	2	3	8.00
31852	11	14	5	Non apto/a
31885	19	3	8	5.83
31930	15	6	9	Non apto/a
31952	13	11	6	Non apto/a
32029	16	8	6	Non apto/a
32230	17	6	7	Non apto/a
32307	17	3	10	5.17
32352	21	4	5	6.33

 Copia do documento - Concello de Vigo 41450-220	Data impresión: 13/11/2023 12:48	Página 5 de 6
	CSV: A2A13E-4C824E-EE58D9-P1WK85-AKX8LR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ID	Ben	Mal	NC	Nota
32374	16	2	12	5.00
32429	14	10	6	Non apto/a
32441	25	2	3	8.00
32518	20	5	5	5.83
32585	12	8	10	Non apto/a
32652	17	9	4	Non apto/a
32729	20	9	1	5.17
32796	28	1	1	9.17
32863	14	8	8	Non apto/a
32930	19	4	7	5.67
32941	14	16	0	Non apto/a
33007	21	6	3	6.00
33074	10	10	10	Non apto/a
33141	16	12	2	Non apto/a
33218	22	0	8	7.33
33285	20	8	2	5.33
33352	13	13	4	Non apto/a
33429	20	2	8	6.33
33496	19	2	9	6.00
33563	12	11	7	Non apto/a
33630	25	3	2	7.83
33774	18	11	1	Non apto/a

CUARTO.- Convócase ós aspirantes que superaron o primeiro exercicio test, para o vindeiro día **20 de novembro de 2023, ás 10:00 horas, no Parque Central Municipal de Servicios, sito na rúa Bagunda nº 1 de Vigo, para a realización do 2º EXERCICIO PRÁCTICO** deste proceso selectivo, de carácter obligatorio e eliminatorio. Os aspirantes deberán acreditarse co DNI ou calquera outro documento oficial.



Copia do documento - Concello de Vigo

41450-220

Data impresión: 13/11/2023 12:48

Páxina 6 de 6

CSV: A2A13E-4C824E-EE58D9-P1WK85-AKX8LR-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>